

MASÓNS DE VIGO NA ESPAÑA FRANQUISTA


Luis Lamela —que ten acadado máximo creto científico como investigador da Galicia do franquismo— é un dos historiadores que mellor coñece as vicisitudes de quen, fieis á legalidade constitucional, o 18 de xullo de 1936 foron convertidos nos inimigos da «España una grande y libre».

Entre a longa relación de represaliados, a maioría deles xa rematada a guerra «incivil», figuran os masóns, que na Galicia dos anos trinta viviron un período de consolidación organizativa e contribuíron de xeito notable ao desenvolvemento da cultura e da tolerancia. Lamela, que ten demostrado ser o non masón que máis sabe da historia contemporánea das loxas galegas, elabora neste traballo unha fotografía cronolóxica da represión oficial e tamén das vinganzas persoais das que foron vítimas os masóns da comarca de Vigo,

que foron asasinados, encarcerados, inhabilitados profesionalmente, mesmo extorsionados e case que sempre por interese económico ou por facer méritos diante das autoridades.

As investigacións de Lamela, tanto en arquivos galegos como madrileños, demostran de xeito irrefutable que a persecución dos masóns foi allea á ideoloxía, pois moitos deles militaron nos partidos da dereita, foron católicos practicantes e defensores da Igrexa. Os protagonistas deste libro —que inclúe a reprodución dunha ducia de documentos— son os masóns vigueses, mais o traballo de Lamela ten o valor engadido de reflectir situacións que son perfectamente extrapolables a outras cidades e vilas onde houbo actividade masónica, disciplina que aínda hoxe está a pagar as difamacións das que foi vítima.

Félix Soria



HISTORIA

«A represión da masonería viguesa»

Luis Lamela García.
Edicións A Nosa Terra.
262 páxinas. ***